


1. A EDUCACIÓN EN GALICIA


Índice

1. Galicia e o seu estatuto de Autonomía. A Xunta de Galicia.....	2
2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade.....	3
2.1. O Portal educativo.....	5
2.2. O Portal da Formación Profesional.....	9



FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE





1. Galicia e o seu estatuto de Autonomía. A Xunta de Galicia

A norma suprema, fundamental e máxima do ordenamento xurídico español é a [Constitución Española de 1978](#) da cal dimanan todos os poderes do Estado e á que están suxeitos tanto os poderes públicos como os cidadáns.

Cando nos referimos ás Comunidades Autónomas, a propia [Constitución](#) sinala que a norma institucional básica será o seu Estatuto de Autonomía. Ademais, no seu [Artigo 152](#) determina que a organización institucional das autonomías realízase a partir de tres institucións fundamentais: unha Asemblea Lexislativa, un Consello de Goberno e un Presidente.



A [Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia](#) trouxo consigo a aprobación do **Estatuto da Autonomía de Galicia** e con el deuse o paso definitivo para a posta en marcha das nosas principais institucións: o noso Parlamento, a Xunta e a figura do Presidente como poderes estatutariamente establecidos para desenvolver as competencias e atribucións que constitucionalmente se determinan.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

A **Xunta de Galicia** ten a súa sede central no Palacio de San Caetano en Santiago de Compostela (Edifícios Administrativos San Caetano, San Caetano s/n 15704).




É importante para nós ter en conta o [Artigo 16](#) do Estatuto no que se concreta que a **Xunta de Galicia**:

- É o órgano colexiado de Goberno de Galicia.
- Está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, se é o caso, e maillos Conselleiros/as.
- Os/as Vicepresidentes e Conselleiros/as serán nomeados e cesados polo Presidente.
- Unha Lei de Galicia regulará a organización da Xunta e as atribucións e o Estatuto persoal dos seus compoñentes.

Hai dúas normas de referencia e nas que se desenvolven diversos aspectos do Artigo 16.



FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



Son:

- a [Lei 1/1983, do 22 de febreiro](#), reguladora da Xunta de do seu Presidente
- o [Decreto 130/2020, do 17 de setembro](#), polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Podemos concretar así o **organigrama xeral** actual da organización da Xunta de Galicia por Consellerías:



[Organización da Xunta de Galicia por Consellerías](#) (CC BY-ND)

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A [Consellería de Cultura, Educación e Universidade](#) (CCEU) é un entramado organizativo moi complexo con sede en Santiago de Compostela, no Pazo de San Caetano, onde se atopan como xa vimos os **Servizos Centrais** da Xunta de Galicia. Á súa vez, descentralízase nun segundo nivel en cada unha das provincias da nosa Comunidade a través das **Xefaturas Territoriais** que, a grandes rasgos, repiten esa mesma organización pero nun nivel inferior e máis limitado, circunscrito á provincia correspondente.

A normativa de referencia para coñecer a estrutura e competencias de cada un dos seus órganos está pendente de publicarse (engadirase en canto se publique).

O organigrama comeza na figura do [Conselleiro](#), na actualidade D. Román Rodríguez González quen é a autoridade superior da [Consellería](#) e con tal carácter está investido das atribucións que lle confire a norma reguladora da Xunta e da súa Presidencia (Artigo 6 do [Decreto 130/2020](#)).



Xa ao nivel que máis pode interesar neste momento, unha boa forma de decatarse da complexidade e dificultade de organización, podemos observar o número de centros e o número de alumnado que asiste aos mesmos, atendido por máis de 32.000 docentes. Para iso propoñemos as dúas seguintes infografías:

As magnitudes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade




Centros públicos de Ensinanzas de Réxime Xeral: **1227**



[Distribución de centros educativos da CCEU por provincia](#) (CC BY-ND)

As magnitudes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade



[Distribución de alumnado por niveis educativos](#) (CC BY-ND)



2.1. O Portal educativo

A día de hoxe, o [Portal web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade](http://www.edu.xunta.gal/portal) é unha referencia clave para a comunidade educativa galega posto que dende el coordínanse a meirande parte das accións que se levan a cabo pola propia Consellería no eido da educación.

Pola mesma, debes ter moi claro que cumpre unha dobre función: ser centro de información e ser ferramenta de xestión e coordinación. Por iso, é preciso que coñezas da súa existencia pero, sobre todo, que saibas sacarlle o maior rendemento posible.

O [Portal](http://www.edu.xunta.gal/portal) educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal/portal) é o espazo virtual de carácter institucional a través do cal se pode obter información relativa a actividades, novas, normativa, servizos, recursos etc. para os diferentes colectivos (familias, alumnado, profesorado, centros e empresas) que conforman o sistema educativo galego.

Dende os seus inicios, este sitio converteuse nun lugar de referencia para o desenvolvemento e mantemento do sistema educativo na nosa comunidade autónoma.

É un sitio web de referencia xa consolidado no que todos os docentes poden visualizar e estar ao día sobre a totalidade dos aspectos administrativos e legais relacionados co ensino.



O aspecto xeral da páxina de inicio do portal educativo consta de varios bloques ou apartados cada un dos cales mostra unha información ou utilidade concreta:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A CONSELLERÍA INFORMACIÓN COLECCIÓN

Ménú e pestanas
Para acceder ás diferentes seccións do portal

SERVIZOS

- Buscador de centros
- Transporte escolar
- Persoal centros
- Oposicións
- Diccionario
- DROrienta
- Fondolibros

Anuncios

Corte de servizo no colexio Universidade e Formación Profesional

Actualidade

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN

Servizos
Que están identificados por unha icona específica

Destakes
Presentación con diversos contidos que se destacan temporalmente.

Anuncios
**Ordenados cronolóxicamente.
Novas de carácter administrativo**

02/10/2018 | 11:10
Corte de servizo no colexio Universidade e Formación Profesional

02/10/2018 | 08:56
Anuncio da convocatoria para o concurso público de oposicións interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas

01/10/2018 | 08:50
Concesión das axudas para a consolidación e estruturação de unidades de investigación competitivas e outras accións nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e para o 2018

28/09/2018 | 13:48
Listaxe provisional de admitidos e excluídos da convocatoria de bolsas destinadas ao alumnado das universidades do SUG que participa en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2018/2019

28/09/2018 | 12:17
Resolución do 26 de setembro de 2018 pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sotílicos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2018/2019

28/09/2018 | 12:15
Acta extraordinaria de cualificación da proba especifica de acceso á ensinanza deportiva de fútbol sala

27/09/2018 | 13:31
Resolución definitiva dos centros seleccionados para participar nas actividades de Inmersión lingüística en lingua inglesa, "English Week", no curso 2018/2019

27/09/2018 | 10:55
Proposta de resolución das axudas de apoio á etapa de formación posgradual, modalidade A, nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para o ano 2018

24/09/2018 | 20:07
Resolución provisional dos centros docentes admitidos para participar na quinta e sexta cursos de educación secundaria

O máis visto hoxe
Títulos das novas máis vistas

O máis recente
Últimas novas publicadas no portal

Nube de etiquetas
O seu tamaño indica a frecuencia coa que aparecen

Actualidade
Novas de carácter institucional

27/09/2018 | 12:59
Lousame acolle a moza líder iberoamericana

25/09/2018 | 20:20
Nube de etiquetas

24/09/2018 | 13:19
Ata 2100 alumnos de centros plurilingües poderán presentarse a probas gratuítas para certificar o seu nivel de inglés

22/09/2018 | 12:00
O plan de mellora de bibliotecas escolares incorpora 27 centros públicos

18/09/2018 | 12:38
O sistema educativo galego recibe 30 auxiliares de conversa en inglés con alto perfil académico

18/09/2018 | 14:49
Román Rodríguez visita o CIPF Imaxe e Son, na Coruña, un dos centros punteiros na ensinanzas do audiovisual en Galicia

O máis visto hoxe

- Materials didácticos
- Educovives.gal
- Unidades didácticas educación secundaria para persoas adultas (castelano)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo ...
- Corte de servizo no correo electrónico da Consellería de Educación...

O máis recente

- A consellería de Educación recibe os participantes na XV edición do programa...

Os nosos centros


Os nosos centros imaxe e ligazón a algún centro dependente da Consellería

CIPF Samartín

Sítios temáticos
Cada ícona leva a un sitio concreto relacionado co ensino




FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



CAFI

É interesante tamén ter en conta a pestana de [SERVIZOS](#) na que terás a icona para o acceso directo a cada unha das aplicacións que vas precisar para manexarte dentro da Consellería.




[Xanela de servizos do Portal educativo](#) (CC BY-ND)

Dentro do propio portal educativo podemos atopar un espazo dedicado exclusivamente ao profesorado. Accédese a el pulsando na pestana [PROFESORADO](#) e nel inclúense todas aquelas novas, anuncios, destaques, servizos e incluso un menú específico.



FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

A CONSELLERÍA

INFORMACIÓN

COLECTIVO

ENSINANZA

TEMA



Profesorado

- Información xeral
- Atención á diversidade
- Convivencia
- Orientación
- Inspección Educativa
- Igualdade
- Avaliación e calidade do sistema educativo
- Axudas e premios
- Formación
- Linguas
- Programas e plans
- Cultura
- Recursos
- Xestión de alumnado
- Xestión de centros educativos
- Xestión de profesorado

Inicio

Profesorado

Anuncios

27/11/2020 | 15:31

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de FP, instalacións electrotécnicas

SERVIZO: [Listas de substitucións](#)

27/11/2020 | 15:26

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de FP, equipamentos electrónicos

SERVIZO: [Listas de substitucións](#)

27/11/2020 | 15:22

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de PES, sistemas electrotécnicos e automáticos

DESTAQUES

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS



MÁIS DESTAQUES


SERVIZOS

- Correo EDU
- Buscador de centros
- Listas de substitucións
- CXT
- espazoAbalar

MÁIS SERVIZOS

SITIOS TEMÁTICOS






2.2. O Portal da Formación Profesional

Se queres consultar todo o referente á formación profesional en Galicia, podes facelo a través do portal www.edu.xunta.gal/fp consultando as distintas seccións:



- [Coñece a FP](#)
- [Ven á FP](#)



- [Acreditación](#)
- [Probas](#)
- [Validacións](#)
- [Currículos](#)
- [Normativa](#)
- [Empresa](#)

Agora imos coñecer un pouco máis de cada unha destas partes:


- [Coñece a FP](#)

Contén información xeral sobre a formación profesional: títulos de FP e a súa validez, réximes e modalidades (réxime ordinario/modular, modalidade presencial/a distancia) e os requisitos de acceso ou as saídas académicas e profesionais dos distintos graos de formación profesional (FP Básica, ciclos formativos de grao medio ou ciclos formativos de grao superior).

- [Ven á FP](#)

Aquí podemos consultar todos os [folletos informativos](#) da oferta formativa ordenados por familias profesionais, así como a información sobre o proceso de admisión, requisitos de acceso que deben cumprir as persoas solicitantes, e prazos de presentación de solicitudes e matrícula.





- Acreditación

O obxecto da acreditación de competencias é recoñecer, avaliar e acreditar a competencia adquirida a través da experiencia laboral e outras aprendizaxes non formais.

A acreditación de unidades de competencia farase sobre as unidades de competencia dos títulos de formación profesional vixentes.

A acreditación realízase en tres fases:

Fase 1. Asesoramento

Fase 2. Avaliación das competencias profesionais

Fase 3. Acreditación e rexistro das competencias

- Probas


Nesta sección atoparemos a información sobre as probas de acceso a ciclos, a obtención de carnés e habilitacións profesionais e as probas libres.

- Probas de acceso a ciclos: deben realizalas aquelas persoas que queren acceder a ciclos formativos, tanto de grao medio como de grao superior, pero non posúen os requisitos de acceso.
- Habilitacións profesionais: os carnés e habilitacións profesionais acreditan que se posúen os coñecementos teórico-prácticos para desenvolver certas actividades de seguridade industrial (operadores de guindastre, instalador de gas, etc.)
- Probas libres:

Os títulos de formación profesional pódense obter a través da superación de:

- Os ciclos formativos nos centros educativos, tanto polo réxime ordinario como polo réxime para as persoas adultas.
- Probas para a súa obtención directa. Estas son as denominadas probas libres). O período de matrícula é no mes de maio, realízanse no mes de xuño e para acceder deben cumprirse os requisitos de acceso.

O aspirante que se presente ás probas libres debe superar, para cada un dos módulos nos que se inscriba, unha proba teórica e unha proba práctica.



- Validacións

Co fin de facilitar a reincorporación ao sistema educativo de todas as persoas interesadas en ampliar a súa formación, prevense posibilidades de recoñecer a formación adquirida previamente mediante as validacións e as equivalencias.

Nesta sección recóllese toda a información sobre:

- Validación de módulos profesionais
- Validacións entre módulos de ciclos formativos de grao superior e estudos universitarios.
- Equivalencias entre títulos LOXSE e títulos LOE

- Curriculos

O currículo das ensinanzas de formación profesional defínese como o conxunto de obxectivos, contidos, orientacións pedagóxicas, criterios de avaliación e directrices que regulan a práctica docente, que servirán de instrumento para acadar os fins destas ensinanzas.


No portal de FP podemos consultar os perfís profesionais dos distintos ciclos que se imparten na nosa comunidade, así como obter os documentos que conteñen os currículos publicados no DOG. Están a disposición:

- Os **currículos vixentes** de Ciclos Formativos LOE e LOXSE, ordenados por familia profesional. Temos que escoller a familia profesional e o grao e pulsar en Procurar.

Escolla a familia profesional do seu interese para ver unicamente os ciclos formativos desta.

Familia profesional	Grao
Escolla	Calquera
Procurar	

- Os **currículos non vixentes**
- Os **borradores** daqueles ciclos cuxo currículo se está a desenvolver



- **Normativa**

Podemos consultar a lexislación, tanto autonómica como estatal que regula todos os aspectos da formación profesional:

- Ordenación académica
- FP Básica
- FP Dual
- Oferta
- Admisión
- Probas
- Formación en centros de traballo (FCT)
- Acreditacións
- Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP)
- Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI)
- Idiomas (Centros plurilingües – Estrela PluriFP)
- Axudas e bolsas

- **Empresa**


A formación profesional prepara aos futuros traballadores cualificados para se empregar no sector produtivo. O referente formativo é a realidade empresarial e as súas necesidades.

É imprescindible, dentro da formación profesional e dos propios centros, a colaboración coas empresas xa que estas exercen un papel esencial nas diferentes familias profesionais.

Nesta última pestana do portal da Formación Profesional atoparemos todo o que ten que ver coa relación dos centros educativos coas empresas:

- Os convenios: son as vías de colaboración entre as empresas e os centros de formación profesional
- O módulo de formación en centros de traballo (FCT): son prácticas de carácter non laboral que se desenvolven nun ámbito produtivo real, con contidos consistentes na realización de actividades produtivas propias do perfil profesional e que é indispensable para a obtención do título académico.

Neste apartado recompílese a información sobre as axudas á FCT e a póliza de seguro:



- Axudas á FCT: trátase dunha axuda económica para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo. Hai dúas convocatorias anuais, unha en abril-maio e outra en outubro, para os diferentes períodos nos que se poden realizar as prácticas nas empresas.
- Póliza de seguro: cubre os accidentes e a responsabilidade civil do alumnado que estea a realizar a Formación en Centros de Traballo (FCT) durante o período que dure o convenio coa empresa. A póliza actual está vixente ata o 31 de agosto de 2021.

